

# “Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social” CIIES



**Marqués de Valterra, 6  
36202 Vigo**



**CIIES**  
Centro Integral de Inclusión e  
Emerxencia Social

**CONCELLO  
DE VIGO**

## ALBERGUE

- Carácter temporal. Corta estancia. Períodos de estancia de **10 días** (prorrogable) - **10 días de descanso**.
- Servizos de aloxamento, manutención (cea e almorzo), hixiene, consigna, atención psicosocial, enderezo postal e empadramento.
- **Destinatarios:** Homes e mulleres, maiores de idade.
- **Acceso:** Directo/Derivación sen reserva de praza.
- **Prazas:** 40 (32 homes e 8 mulleres) máis 5 de emerxencia.
- **Horario de atención:** de 20.00 a 09.00, todos os días do ano.
- **Horario de entrada:** de 20.00 a 22.00 horas. Reserva de praza ata as 21.30 horas.

## COMEDOR

- Carácter temporal. Períodos de prestación **de 7 días** (prorrogable) - **7 días de descanso**.
- **Destinatarios:** Homes e mulleres, maiores de idade.
- **Acceso:** Directo/Derivación sen reserva de praza.
- **Prazas:** 70.
- **Horario de atención:** de 13.00 a 15.00, todos os días do ano. A reserva de praza é ata as 14.30 horas.



## PISO BÁSICO

- Réxime residencial temporal. Media estancia. Estancias programadas.
- **Duración:** 6 meses prorrogables.
- **Servizos:** aloxamento, cobertura de necesidades básicas, atención psicosocial e programa de inserción socio-laboral.
- **Destinatarios:** Homes e mulleres, maiores de idade.
- Se os usuarios dispoñen de ingresos económicos estes aportarán como máximo a cantidade estipulada en concepto de alimentación.
- **Acceso:** Derivación interna/Derivación UTS (Dirección Municipal) mediante entrada por rexistro no Concello.
- **Obxectivo:** promover procesos de inserción das persoas aloxadas.
- **Prazas:** 5 mulleres e 6 homes. 11 prazas en total.

## PISO TRANSICIÓN

- Réxime aloxamento normalizado temporal. Estancia aproximada de 6 meses (prorrogables) ata un máximo dun ano.
- **Servizos de:** aloxamento, cobertura de necesidades básicas cofinanciado, atención e acompañamento psicosocial e programa de inserción socio-laboral.
- **Destinatarios:** Persoas maiores de 18 anos que presentan déficits e carencias persoais que teñen efectos temporais e que poden desaparecer coa participación nunha estrutura normalizada.
- Se os usuarios dispoñen de ingresos económicos estes aportarán como máximo a cantidade estipulada como concepto de alimentación.
- **Acceso:** Derivación interna/Derivación UTS. Mediante entrada por rexistro no Concello. Período de avaliación previa no Piso Básico.
- **Obxectivo:** promover procesos de inserción de persoas en risco de exclusión social.
- **Prazas:** 8 homes.



## CENTRO DE DÍA

- Réxime diúrno e con actividades programadas.
- **Servizos de:** atención psicosocial, actividades formativas e ocupacionais/ocio/saúde e coidado persoal/rehabilitación psicosocial...
- **Destinatarios:** Persoas adultas con diversas problemáticas en situación ou en risco de exclusión social.
- **Acceso:** Derivación Interna CIIES/UTS (Dirección Municipal). Entrada por Rexistro no Concello.
- **Obxectivo:** Posibilitar un espazo para o auto-coidado, axuste persoal, socialización e oportunidade de mellora no proceso de inclusión social da persoa.
- **Prazas:** 20 por día.
- **Horario de atención:** de 09.30 - 12.30 e de 16.00 - 20.00, de luns a venres.

## UNIDADE DE RÚA

- Unidade de atención proactiva na rúa, detección de situacións de emerxencia e vía de acceso aos recursos.
- **Servizos de:** detección, valoración, orientación-información, derivación, sensibilización da poboación en xeral, prevención da exclusión.
- **Acceso:** Directo ou a demanda da persoa/ De maneira proactiva por parte do equipo.
- **Destinatarios:** Principalmente persoas sen fogar pero tamén calquera persoa que se encontre en situación de risco de exclusión ou en situación de emerxencia e urxencia social.
- **Obxectivo:** Atender as persoas en situación de rúa e facilitar o seu acceso aos servizos sociais.
- **Horario de atención:** de 18.00 a 22.00, de luns a venres.
- **Horario de mañá:** acompañamentos de 08.00 a 13.00 horas de luns a venres.



**CIIES**  
Centro Integral de Inclusión e  
Emerxencia Social

**CONCELLO  
DE VIGO**

## UNIDADE DE HIXIENE

- **Servizos de:** duchas, roupeiro, lavandería e consigna.
- **Destinatarios:** Principalmente persoas que fagan uso dalgún dos centros/servizos do CIIES pero tamén para persoas que finalizaron a súa estancia ou programa no mesmo ou aquelas externas en situación de necesidade.
- **Acceso:** Directo/Derivación interna/UTS/Outras entidades (PSH)/Servizos de emerxencia.
- **Obxectivo:** Prestar servizos básicos de hixiene e fomentar hábitos saudables as persoas albergadas ou non no CIIES.
- Horario:
  - **Servizos libres:** mañás de 11.30 a 12.30 e tardes de 16.30 a 17.30 horas, de luns a venres.
  - **Albergue:** 8.00-09.00 e de 20.30 a 23.15 horas, de luns a domingo.
  - **Comedor Social:** 13.00- 15.00 horas de luns a venres.
  - **Centro de Día:** 9.30 a 12.30 e de 16.30 a 19.30 horas, de luns a venres.



## SOLICITUDE DE PRAZA NO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL

### Datos dos do solicitante

Apelidos:

Nome:

DNI/NIE

Enderezo

Nº teléfono

### Solicita praza

Albergue  
Servizo de comedor  
Centro de acollida e inclusión  
    Básico  
    Transición á vida autónoma  
Centro de día  
Unidade de hixiene

### Breve descripción da situación:

Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

O solicitante

Asdo: \_\_\_\_\_



**CIIES**  
Centro Integral de Inclusión e  
Emerxencia Social

**CONCELLO  
DE VIGO**

D/D<sup>o</sup>

con DNI/NIE/n<sup>o</sup> pasaporte

**AUTORIZA** ao Concello (Departamento de SS.SS) a solicitarlles ás Administracións Públicas a documentación necesaria para completar a presente solicitude.

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de persoas usuarias con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal, e está prevista a cesión dos ditos datos á empresa GRUPO 5, entidade contratada para a prestación do Servizo.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderánse realizar nos termos previstos na citada lei.

Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

O solicitante

Asdo: \_\_\_\_\_

ILMO. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Fotocopia do DNI

Xustificante de ingresos. No caso de non poder conseguilos, aportarase declaración xurada.

Informe médico

Os servizos sociais poderán solicitar calquera documentación ou aclaración que consideren necesaria.

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

### SERVIZO NO QUE SE DEMANDA PRAZA:

### DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS:

DNI/NIE/PASP:

TELÉFONO:

ENTIDAD SOCIAL OU SERVIZO DE REFERENCIA:

### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que non dispoño de ingresos superiores o 80% do IPREM e me comprometo nun prazo máximo de 3 días a entregar a documentación que así o acredite.

- Que carezo de documentación, o que me impide acceder os recursos da cidade

- Que a miña Unidade Familiar está composta por \_\_\_\_\_ membros, dos cales \_\_\_\_\_ son menores de idade

AUTORIZA ó Concello (Departamento de SS.SS) a solicitar ás Administracións Públicas a documentación necesaria para completa-la presente solicitude.

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, "Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal", infórmase que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso ós ficheiros con datos de carácter persoal. En caso de concesión do servizo, estes datos serán cedidos a Asem, Grupo 5, SLU entidade con que se ten contratado o servizo, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 9 de marzo de 2011.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderánse realizar nos termos previstos na citada lei.

Asdo:

En Vigo, a        de        de 200

ILMO. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO



## Datos de interés:

Teléfono fixo: 986 29 42 80

Teléfono móbil: 637 35 17 24

Teléfono equipo de rúa: 608 19 54 91